BOP
XOVES, 18 DE MAIO DE 2023 N.º 112
DEPUTACIÓN DE LUGO
boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

# EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

## ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

*Anuncio*

**-EDICTO-**

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

| CONCELLO | PERIODO | TAXAS |
|---|---|---|
| MURAS | ANUAL-2022 | Taxa suministro auga municipal, e Canon auga Xunta de Galicia. |
| O INCIO | 1º-trimestre-2023 | Taxa de auga, lixo e Canon auga Xunta de Galicia. |
| O PÁRAMO | 1º-trimestre-2023 | Taxa de suministro de auga, e Canon auga Xunta de Galicia. |
| ANTAS DE ULLA | ANUAL-2022 | Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos |
| CARBALLEDO | Anual-2023 | Taxa de recollida de lixo |
| MONTERROSO | Anual-2023 | Taxa de recollida de lixo en parroquias |
| MURAS | ANUAL-2022 | Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos |
| NAVIA DE SUARNA | 1º-trimestre-2023 | Taxa de recollida de lixo |
| O PÁRAMO | 1º- trimestre-2023 | Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos |
| PALAS DE REI | Anual-2023 | Taxa de recollida delixo e de residuos sólidos urbanos |
| POL | 1º-trimestre-2023 | Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos |
| FOLGOSO DO COUREL | ANUAL-2022 | Taxa de recollida de lixo e rede de sumidoiros |
| MONTERROSO | ANUAL-2023 | Taxa entrada vehículos a traverso das beirarrúas |
| O SAVIÑAO | ANUAL-2023 | Taxa entrada vehículos a traverso das beirarrúas |
| O VICEDO | ANUAL-2023 | Taxa entrada vehículos a traverso das beirarrúas |

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria (Ronda Muralla, núm. 140- Pavillón 1- CP 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

Lugo, 24 de abril de 2023.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019, A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

Anuncio publicado en: Num BOP 112 año 2023 (18/05/2023 08:00:00)

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO / SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN

*ANUNCIO DE COBRANZA*

Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 18/05/2023 e finalizará o día 18/07/2023, ambos os dous incluidos.

Relación de tributos e concellos:

| CONCELLO | PERIODO | TAXAS |
|---|---|---|
| MURAS | ANUAL-2022 | Taxa suministro auga municipal, e Canon auga Xunta de Galicia. |
| O INCIO | 1º-trimestre-2023 | Taxa de auga, lixo e Canon auga Xunta de Galicia. |
| O PÁRAMO | 1º-trimestre-2023 | Taxa de suministro de auga, e Canon auga Xunta de Galicia. |
| ANTAS DE ULLA | ANUAL-2022 | Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos |
| CARBALLEDO | Anual-2023 | Taxa de recollida de lixo |
| MONTERROSO | Anual-2023 | Taxa de recollida de lixo en parroquias |
| MURAS | ANUAL-2022 | Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos |
| NAVIA DE SUARNA | 1º-trimestre-2023 | Taxa de recollida de lixo |
| O PÁRAMO | 1º- trimestre-2023 | Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos |
| PALAS DE REI | Anual-2023 | Taxa de recollida delixo e de residuos sólidos urbanos |
| POL | 1º-trimestre-2023 | Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos |
| FOLGOSO DO COUREL | ANUAL-2022 | Taxa de recollida de lixo e rede de sumidoiros |
| MONTERROSO | ANUAL-2023 | Taxa entrada vehículos a traverso das beirarrúas |
| O SAVIÑAO | ANUAL-2023 | Taxa entrada vehículos a traverso das beirarrúas |
| O VICEDO | ANUAL-2023 | Taxa entrada vehículos a traverso das beirarrúas |

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, “La Caixa” - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte, por delegación do seu Concello, que é o que envía o Padrón para o cobro. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuíente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do Coeficiente de Vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Anuncio publicado en: Num BOP 112 año 2023 (18/05/2023 08:00:00)

Lugo, 24 de abril de 2023.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019, A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 1273

# CONCELLOS

## BALEIRA

*Anuncio*

**PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL NO CONCELLO DE BALEIRA (LUGO).**

Listaxe DEFINITIVO de persoas admitidas e excluídas para participar no proceso selectivo para a provisión de seis postos de traballo de AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR dentro do proceso de selección de persoal laboral fixo, mediante procedemento de estabilización de emprego temporal por concurso e concurso-oposición.

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.-**

Visto o estado de tramitación do procedemento iniciado por este Concello de Baleira para a selección de seis AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR do proceso de selección de persoal laboral fixo, mediante procedemento de estabilización de emprego temporal por concurso-oposición, dentro do marco xeral de execución da Oferta Pública de Emprego extraordinaria correspondente ao exercicio do ano2022, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Baleira do 07 de decembro do 2022,publicada no Boletín Oficial da provincia de Lugo nº 294 do día 26 de decembro de 2.022 e no Diario Oficial de Galicia do 27 de decembro do 2022.

**RESOLVO:**

Aproba-la seguinte relación definitiva de admintidos/as e excluídos/as en relación ó procedemento selectivo **Auxiliar de Axuda no Fogar. Concurso Oposición**:

**Relación de admitidos/as:**

| APELIDOS E NOME | DNI |
|---|---|
| MARIA JESUS GONZALEZ PORTEIRO | 33****80Z |
| ESTEFANIA PENA CASTRO | 33****05L |
| EVA FERNANDEZ PRIETO | 33****27B |
| JOSEFA RODRIGUEZ FERNANDEZ | 38****20N |
| TAMARA FERNANDEZ FERNANDEZ | 34****32Y |
| VERONICA ALONSO LOPEZ | 34****10Z |
| MERCEDES SUAREZ FERNANDEZ | 33****31X |
| MONICA LOPEZ RUIZ | 43****55X |
| MARIA MONTSERRAT ALVAREZ GEGUNDEZ | 33****66N |
| MARIA LOURDES DIAZ PORTELA | 33****64S |
| ROSARIO MENDEZ DIGON | 33****75X |
| ALICIA GARCIA IGLESIAS | 76****16M |
| DIGNA MARIA FERNANDEZ YAÑEZ | 33****39Z |
| SONIA FERNANDEZ ARES | 33****38S |
| ENCARNACION PIN DIAZ | 33****69K |
| ANABEL SOUTO GOMEZ | 39****57Q |
| LIDIA DIAZ ALVAREZ | 34****60P |
| ROCIO ALONSO FREIRE | 33****20K |
| MARIA ANA NEIRA LOPEZ | 33****33K |
| MARTA ARES NEIRA | 53****37B |
| ROCIO GOMEZ FERNANDEZ | 76****48Z |

Anuncio publicado en: Num BOP 112 año 2023 (18/05/2023 08:00:00)

**Relación de excluídos/as:** Ningún.

O Tribunal Cualificador constitúese o día 25 de maio do 2023 ás 9:30 horas na Casa do Concello de Baleira. A proba escrita realizarase o mesmo día ás 10:00 horas no Centro Sociocultural de O Cádavo. A proba de galego para os/as que non teñan CELGA-2 o equivalente homologado, realizarese ese mesmo día o finalizar a proba escrita.

A composición do Tribunal cualificador será a seguinte:

Presidente: Dª. Clementina Saa Méndez, Traballadora Social do Concello de Baleira.

Suplente: Dª. Mónica Engroba Pulido, Traballadora Social do Concello de Baralla.

Secretaria: Dª. Mª Esperanza Garmendia Núñez, Secretaria-Interventora do Concello de Baleira.

Suplente: Dª. Luisa Fernández Pérez, Secretaria-Interventora do Concello de Samos.

Vogais:

Titulares:

Dª María Germana López González, Auxiliar Administrativo do Concello de Baleira.

D. Severiano Daniel Vázquez Prados, Técnico de Administración Xeral do Concello de Becerreá.

D. José Luis López Moure, Administrativo do Concello de Samos.

D. Manuel Fernández Fernández, Auxiliar Administrativo do Concello de Castroverde.

Suplentes:

D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor acumulado do Concello da Ribeira de Piquín.

Dª. María Cristina Bolaño Fernández, Administrativo do Concello de Baralla.

D. Eloy López Fernández, ADL do Concello de Samos.

D. Alberto Alonso Fernández , Axudante de Servicios Múltiples do Concello de Baleira

Baleira, 12 de maio de 2023.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López. Mándao e asínao o Alcalde, dou fe, A Secretaria-Interventora, María Esperanza Garmendia Núñez.

R. 1523

---

*Anuncio*

**PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL NO CONCELLO DE BALEIRA (LUGO).**

Listaxe DEFINITIVO de persoas admitidas e excluídas para participar no proceso selectivo para a provisión de catro postos de traballo de AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR dentro do proceso de selección de persoal laboral fixo, mediante procedemento de estabilización de emprego temporal por concurso e concurso-oposición.

**RESOLVO:**

Visto o estado de tramitación do procedemento iniciado por este Concello de Baleira para a selección de catro AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR do proceso de selección de persoal laboral fixo, mediante procedemento de estabilización de emprego temporal por concurso, dentro do marco xeral de execución da Oferta Pública de Emprego extraordinaria correspondente ao exercicio do ano 2022, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Baleira do 07 de decembro do 2022, publicada no Boletín Oficial da provincia de Lugo nº 294 do día 26 de decembro de 2.022 e no Diario Oficial de Galicia do 27 de decembro do 2022.

Aproba-la seguinte relación definitiva de admintidos/as e excluídos/as en relación ó procedemento selectivo **Auxiliar de Axuda no Fogar. Concurso** :

**Relación de admitidos/as:**

| APELIDOS E NOME | DNI |
|---|---|
| MARIA JESUS GONZALEZ PORTEIRO | 33****80Z |
| EVA FERNANDEZ PRIETO | 33****27B |
| MARIA AMPARO LOPEZ FERNANDEZ | 33****70L |
| MERCEDES SUAREZ FERNANDEZ | 33****31X |

Anuncio publicado en: Num BOP 112 año 2023 (18/05/2023 08:00:00)

| | |
|---|---|
| MONICA LOPEZ RUIZ | 43****55X |
| MARIA MONTSERRAT ALVAREZ GEGUNDEZ | 33****66N |
| MARIA LOURDES DIAZ PORTELA | 33****64S |
| ROSARIO MENDEZ DIGON | 33****75X |
| ALICIA GARCIA IGLESIAS | 76****16M |
| DIGNA MARIA FERNANDEZ YAÑEZ | 33****39Z |
| ENCARNACION PIN DIAZ | 33****69K |
| ROCIO ALONSO FREIRE | 33****20K |

**Relación de excluido/as:** Ningún.

O Tribunal Cualificador constitúese o día 24 de maio do 2023 ás 9:30 horas na Casa do Concello de Baleira.

A proba de galego para os/as que non teñan CELGA-2 o equivalente homologado, realizarese ese mesmo día as 9:30

A composición do Tribunal cualificador será a seguinte:

Presidente: Dª. Clementina Saa Méndez, Traballadora Social do Concello de Baleira.

Suplente: Dª. Mónica Engroba Pulido, Traballadora Social do Concello de Baralla.

Secretaria: Dª. Mª Esperanza Garmendia Núñez, Secretaria-Interventora do Concello de Baleira.

Suplente: Dª. Luisa Fernández Pérez, Secretaria-Interventora do Concello de Samos.

Vogais:

Titulares:

Dª María Germana López González, Auxiliar Administrativo do Concello de Baleira.

D. Severiano Daniel Vázquez Prados, Técnico de Administración Xeral do Concello de Becerreá.

D. José Luis López Moure, Administrativo do Concello de Samos.

D. Manuel Fernández Fernández, Auxiliar Administrativo do Concello de Castroverde.

Suplentes:

D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor acumulado do Concello da Ribeira de Piquín.

Dª. María Cristina Bolaño Fernández, Administrativo do Concello de Baralla.

D. Eloy López Fernández, ADL do Concello de Samos.

D. Alberto Alonso Fernández , Axudante de Servicios Múltiples do Concello de Baleira

Baleira, 12 de maio de 2023.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López. Mándao e asínao o Alcalde, A Secretaria-Interventora, María Esperanza Garmendia Núñez.

R. 1524

## LOURENZÁ

*Anuncio*

**EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA XIMNASIO**

**ABRIL DE 2023**

Por Resolución de Alcaldía de data **28 DE ABRIL DE 2023**, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de XIMNASIO correspondente ao mes de **MARZO** DE 2023 por importe de **901,23 EUROS (NOVECENTOS UN CON VINTA E TRES EUROS)**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo,

Anuncio publicado en: Num BOP 112 año 2023 (18/05/2023 08:00:00)

ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada ei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 28 de abril de 2023.- A Alcadesa – Presidente, Dª. Rocío López García.

R. 1481

---

## LUGO

*Anuncio*

**DECRETO**

**Ilma Sra. Dª Tareixa A. Ferreiro Tallón, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.**

Instruído expediente relativo a: aprobación bases XXIII certame de Pintura Rápida ao Aire Libre Cidade de Lugo.

Visto o informe proposta do Xefe do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, de data 03/05/2023, obrante no expediente, na parte expositiva do cal se fai constar o seguinte:

" ***ASUNTO: XXIII CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE "CIDADE DE LUGO"***

*COMPETENCIA MUNICIPAL*

*Segundo o establecido no Art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, a promoción da cultura é unha competencia municipal propia. En base a esto, desde a Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua organízanse diferentes actuacións ao longo do ano para desenvolver unha programación cultural que facilite a participación da cidadanía nestas actividades.*

*INFORME*

*O Certame de Pintura Rápida ao Aire Libre, que este ano cumpre a súa XXIII edición, é un premio artístico encamiñado á difusión e promoción de espazos públicos da cidade de Lugo completando coas súas obras o fondo pictórico do concello de Lugo, dotado cunha contía de 5.550,00 €. A estes efectos, proponse a súa convocatoria e execución.*

*Tendo en conta o informe da Tesourería Municipal sobre existencia de consignación orzamentaria na partida 33000.48101 RC: 29147/23 do vixente orzamento municipal, procederá, previa a fiscalización correspondente, a aprobación polo órgano correspondente.*

*Conforme ao anterior, este Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua estima conveniente elevar proposta relativa á convocatoria e bases reguladoras do XXV Certame de Narración Curta Ánxel Fole, que se recollen de seguido, para súa aprobación pola tenente de alcaldesa titular da Área, mediante a correspondente resolución.*

*Por dito motivo, en virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 28/452, de 17/07/2019 e Decreto núm. 2973/2021 de 16/04/2021 na súas actuais redaccións, PROPONSE para a súa aprobación pola tenente de alcaldesa titular da Área:*

Anuncio publicado en: Num BOP 112 año 2023 (18/05/2023 08:00:00)

*PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria do XXIII Certame de Pintura Rápida ao Aire Libre.*

*SEGUNDO.- Aprobar as bases reguladoras do XXIII Certame de Pintur Rápida ao Aire Libre que seguidamente se transcriben:*

*23º CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE "CIDADE DE LUGO"*

*2023*

*Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua*

*Concello de Lugo*

*O Concello de Lugo convoca o 23º Certame de Pintura Rápida ao Aire Libre "Cidade de Lugo" de acordo coas seguintes bases:*

*1ª.- Poderán participar neste certame todas e todos os artistas maiores de 18 anos que o desexen. Cada autora e/ou autor só poderá presentar unha obra, e non poderá asinala ata o momento no que se coñeza o ditame do xurado.*

*2ª.- O estilo e a técnica serán libres, e a súa temática xirará sobre a cidade de Lugo en toda a súa extensión. A execución será directa, diante do motivo ou do modelo natural. Os participantes deberán enviar unha localización do punto no que se sitúen para realizar a súa obra ao correo-e cultura@lugo.gal antes das 12.00 horas; de non ser posible, facelo telefonicamente aos números indicados na base 12ª.*

*3ª.- As inscricións realizaranse no Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo o propio día do certame, no momento de selado dos soportes, e serán gratuítas. O certame terá lugar o domingo, día* ***9 de xullo****.*

*4ª.- Cada participante levará o material que poida necesitar e considere necesario para desenvolver o seu traballo, incluído (de ser posible) o seu cabalete onde se exporá a súa obra.*

*5ª.- O soporte non superará as dimensións máximas de 100 x 100 cm. e presentarase o día do certame das 9.00 ás 11.00 h da mañá no Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo (praza Maior 1), para ser selado.*

*6ª.- O tempo para presentar as obras será entre as 16.00 e as 17.00 horas e realizarase no control establecido na praza Maior, onde se coñecerá o ditame do xurado ás 18.00 horas e os autores e autoras asinarán as obras.*

*Farase exposición ao aire libre que se prolongará ata as 20.00 horas e nese momento os autores e autoras das obras non premiadas faranse cargo delas.*

*7ª.- Xurado: Estará integrado por 3 vogais con voz e voto, sendo presidido pola Ilma. Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua ou persoa en quen delegue e asistida por persoal do Servizo de Cultura en funcións de secretaría, ambos sen voz nin voto.*

*Os ou as vogais serán designados pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e o xurado estará composto por persoas de recoñecido prestixio e vinculadas coa ilustración, o deseño gráfico e/ou sectores relevantes do eido da cultura, o turismo e da propia celebración do Certame de Pintura Rápida, sendo nomeados con carácter previo á celebración do concurso.*

*8ª.- Criterios: O xurado pode declarar desertos os premios no caso de que, ao seu xuízo, non se acade unha calidade mínima nas propostas presentadas. A decisión do xurado será inapelable e axustarase, entre outros, aos seguintes criterios:*

- *Deseño e composición estética.*
- *Orixinalidade.*
- *Creatividade*
- *Calidade.*

*9ª.- As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Lugo, así como os dereitos de reprodución.*

*10ª.- O Concello poñerá o maior coidado na conservación das obras, pero non responderá da deterioración que poidan sufrir por causas alleas ou de forza maior.*

*11ª.- Os premios, que estarán suxeitos á retención fiscal establecida, serán:*

*1º.- 1.600 € e diploma*

*2º.- 1.100 € e diploma*

*3º.- 900 € e diploma*

*5 accésits de 300 € e diploma*

Anuncio publicado en: Num BOP 112 año 2023 (18/05/2023 08:00:00)

*Premio especial á ou ao artista local, nacida/o ou residente en Lugo (acreditado con copia do DNI), non compatible coa obtención dos outros premios.- 450 € e diploma*

*12ª.- Para calquera consulta sobre algún pormenor da actividade, deberán poñerse en contacto co Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua nos teléfonos 982 297212/16/17, 982 297106, 982 297334, 982 297127 ou no correo-e cultura@lugo.gal*

*13ª.- Publicidade: Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web (http://concellodelugo.gal), e na Base de Datos Nacional de subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

*14ª.- A participación neste certame implica a aceptación total destas bases.*

***EXEMPLAR PARA O CONCELLO***

*NOME*___________________________________________________________________________________________

*APELIDOS*_______________________________________________________________________________________

*ENDEREZO*______________________________________________________________________________________

*POBOACIÓN*_________________________________________________________________*CP*_________________

*PROVINCIA*____________________________________________

*NIF*___________________________________ *TFNO.* _______________________________________________________

*DATA DE NACEMENTO*____________________

*CORREO-E*_____________________________________________________

*TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 5.550,00 euros con cargo á partida 33000.48101 RC: 29147/23 do vixente orzamento municipal.*

*CUARTO.- Dar publicidade das presentes bases na páxina web do Concello de Lugo e nas redes sociais desta Área.*

*QUINTO.- Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás dependencias e servizos municipais afectados, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos recursos correspondentes.*

*É canto procede informar.".*

Tendo en conta o informe da Tesourería Municipal sobre existencia de consignación presupostaria na partida 33000.48101 RC: 29147/23, do vixente presuposto municipal, asi como informe de fiscalización do servizo de Intervención núm. 2023/662 de data 08/05/2023 polo que procede a tramitación do expediente.

En uso das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e concordantes do Regulamento orgánico municipal do goberno, administración do Concello (ROMGA), atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 28/452, de 17/07/2019 e Decreto núm. 2973/2021 do 16/04/2021 nas súas actuais redaccións.

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO**.- Aprobar as bases reguladoras polas que se rexerá o XXIII certame de Pintura Rápida ao Aire Libre Cidade de Lugo, que serán ás seguintes:

O Concello de Lugo convoca o 23º Certame de Pintura Rápida ao Aire Libre "Cidade de Lugo" de acordo coas seguintes bases:

1ª.- Poderán participar neste certame todas e todos os artistas maiores de 18 anos que o desexen. Cada autora e/ou autor só poderá presentar unha obra, e non poderá asinala ata o momento no que se coñeza o ditame do xurado.

2ª.- O estilo e a técnica serán libres, e a súa temática xirará sobre a cidade de Lugo en toda a súa extensión. A execución será directa, diante do motivo ou do modelo natural. Os participantes deberán enviar unha localización do punto no que se sitúen para realizar a súa obra ao correo-e cultura@lugo.gal antes das 12.00 horas; de non ser posible, facelo telefonicamente aos números indicados na base 12ª.

3ª.- As inscricións realizaranse no Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo o propio día do certame, no momento de selado dos soportes, e serán gratuítas. O certame terá lugar o domingo, día **9 de xullo**.

Anuncio publicado en: Num BOP 112 año 2023 (18/05/2023 08:00:00)

4ª.- Cada participante levará o material que poida necesitar e considere necesario para desenvolver o seu traballo, incluído (de ser posible) o seu cabalete onde se exporá a súa obra.

5ª.- O soporte non superará as dimensións máximas de 100 x 100 cm. e presentarase o día do certame das 9.00 ás 11.00 h da mañá no Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo (praza Maior 1), para ser selado.

6ª.- O tempo para presentar as obras será entre as 16.00 e as 17.00 horas e realizarase no control establecido na praza Maior, onde se coñecerá o ditame do xurado ás 18.00 horas e os autores e autoras asinarán as obras.

Farase exposición ao aire libre que se prolongará ata as 20.00 horas e nese momento os autores e autoras das obras non premiadas faranse cargo delas.

7ª.- Xurado: Estará integrado por 3 vogais con voz e voto, sendo presidido pola Ilma. Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua ou persoa en quen delegue e asistida por persoal do Servizo de Cultura en funcións de secretaría, ambos sen voz nin voto.

Os ou as vogais serán designados pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e o xurado estará composto por persoas de recoñecido prestixio e vinculadas coa ilustración, o deseño gráfico e/ou sectores relevantes do eido da cultura, o turismo e da propia celebración do Certame de Pintura Rápida, sendo nomeados con carácter previo á celebración do concurso.

8ª.- Criterios: O xurado pode declarar desertos os premios no caso de que, ao seu xuízo, non se acade unha calidade mínima nas propostas presentadas. A decisión do xurado será inapelable e axustarase, entre outros, aos seguintes criterios:

- Deseño e composición estética.
- Orixinalidade.
- Creatividade
- Calidade.

9ª.- As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Lugo, así como os dereitos de reprodución.

10ª.- O Concello poñerá o maior coidado na conservación das obras, pero non responderá da deterioración que poidan sufrir por causas alleas ou de forza maior.

11ª.- Os premios, que estarán suxeitos á retención fiscal establecida, serán:

1º.- 1.600 € e diploma

2º.- 1.100 € e diploma

3º.- 900 € e diploma

5 accésits de 300 € e diploma

Premio especial á ou ao artista local, nacida/o ou residente en Lugo (acreditado con copia do DNI), non compatible coa obtención dos outros premios.- 450 € e diploma

12ª.- Para calquera consulta sobre algún pormenor da actividade, deberán poñerse en contacto co Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua nos teléfonos 982 297212/16/17, 982 297106, 982 297334, 982 297127 ou no correo-e cultura@lugo.gal

13ª.- Publicidade: Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web (http://concellodelugo.gal), e na Base de Datos Nacional de subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

14ª.- A participación neste certame implica a aceptación total destas bases.

Anuncio publicado en: Num BOP 112 año 2023 (18/05/2023 08:00:00)

**EXEMPLAR PARA O CONCELLO**

NOME________________________________________________________________________

APELIDOS___________________________________________________________________

ENDEREZO__________________________________________________________________

POBOACIÓN______________________________________________________CP___________

PROVINCIA___________________________________________________________________

NIF_____________________________ TFNO._________________________________________

DATA DE NACEMENTO___________________________________________________________

CORREO-E____________________________________________________________________

**SEGUNDO**.- aprobar o gasto de 5.550,00 € con cargo á partida orzamentaria 33000.48101 RC: 29147/23, do vixente orzamento municipal.

**TERCEIRO**.- Dar publicidade das presentes bases no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web (http://concellodelugo.gal), e na Base de Datos Nacional de subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**CUARTO**.- A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, deberásselles notificar ós/ás interesados/as e contra ela pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións publicas, ante a Alcaldía / Xunta de Goberno (resolvendo a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, segundo a atribución delegada) e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

- No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións publicas).

Así mesmo, deáselles traslados as dependencia e ós servizos municipais afectados.

Cúmprase.

R. 1482

---

*Anuncio*

**DECRETO**

**Ilma Sra. Dª Tareixa A. Ferreiro Tallón, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.**

Instruído expediente relativo a: Premio de deseño gráfico San Froilán 2023 para elixir o cartel anunciador das festas patronais San Froilán 2023 .

Visto o informe proposta do Xefe do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, de data 04/05/2023, obrante no exprendie, na parte expositiva do cal se fai constalo seguinte:

*"ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PREMIO DE DESEÑO GRÁFICO "SAN FROILÁN 2023" PARA ELIXIR O CARTEL ANUNCIADOR DAS FESTAS PATRONAIS SAN FROILÁN 2023.*

*A Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, conforme ás competencias establecidas no Art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, co fin de elixir o cartel anunciador das festas patronais de San Froilán, convoca anualmente o PREMIO DE DESEÑO GRÁFICO "SAN FROILÁN", de acordo coas súas bases reguladoras.*

Anuncio publicado en: Num BOP 112 año 2023 (18/05/2023 08:00:00)

*Por dito motivo, para a celebración do San Froilán 2023, en virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 28/452, de 17/07/2019 e Decreto núm. 19005684 de 01/07/2019 na súas actuais redaccións, PROPÓNSE para a súa aprobación pola tenente de alcaldesa titular da Área, mediante a correspondente resolución:*

*PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras do PREMIO DE DESEÑO GRÁFICO "SAN FROILÁN 2023" que seguidamente se transcriben:*

*A Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, conforme ás competencias establecidas no Art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, co fin de elixir o cartel anunciador das festas patronais SAN FROILÁN 2023, convoca o PREMIO DE DESEÑO GRÁFICO "SAN FROILÁN 2023", de acordo coas seguintes*

*BASES:*

*1ª. - Poderán concorrer cantas autoras e autores o desexen, con traballos de técnica libre, presentando cada persoa cantas obras considere oportunas, sendo condición indispensable que as obras sexan orixinais.*

*2ª. - Os deseños contribuirán a enxalzar a cidade de Lugo e as súas festas patronais de San Froilán. Deberán incluír o texto:*

*- LUGO, SAN FROILÁN 2023*

*- 4-12 DE OUTUBRO*

*- A imaxe corporativa do Concello(*)*

*- Festa de Interese Turístico Galego. Festa de Interese Turístico Estatal.*

*-www.sanfroilan.info*

*- Os logotipos das redes sociais existentes: Instagram, Twiter, Facebook e Youtube.*

*3ª. - A autora ou autor do deseño que resulte gañador recibirá un premio dotado con 2.000,00 €. Este premio estará suxeito a unha retención do 15% de acordo co disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

*4ª. - O deseño gañador será empregado como cartel anunciador do "San Froilán 2023", e o Concello de Lugo poderá reproducilo no tempo e forma que estime oportuno.*

*O cartel gañador será propiedade do Concello, que poderá cedelo a terceiros. As autoras ou autores renuncian a todos os dereitos de explotación, unicamente conservarán os dereitos de autoría para incluílo no seu currículo.*

*5ª. - Entrega de traballos:*

*Poderá facerse desde a convocatoria ata o mércores 21 de xuño, en formato dixital JPG, cunhas dimensións de 50x70 cm. e con 72 ppp de resolución (1417x1984 píxeles). Non se admitirán obras que cheguen pasado ese día.*

*Poden presentarse de tres modos:*

*- Persoalmente nas dependencias de Cultura, en lapis de memoria.*

*- Por correo postal certificado dirixido á Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, praza Maior 1, 27001 Lugo (neste caso, será necesario que envíe unha copia escaneada da folla de envío de Correos á conta de correo-e cultura@lugo.gal o día que se realice o envío)*

*- Por correo electrónico ao enderezo cultura@lugo.gal, indicando CARTEL SAN FROILÁN 2023.*

*Non obstante, se algún ou algunha participante o desexa e para unha mellor valoración da súa proposta, tamén pode entregar o cartel montado a sangue sobre cartón pluma de 5 ou 10 mm e a un tamaño de 50x70 cm.*

*6ª.- Os traballos deberán ser presentados de xeito anónimo, identificándoos cun lema.*

*En documentos á parte do cartel, acompañará:*

*1. Plica, identificada co mesmo lema có cartel, que conterá todos os datos persoais da autora ou autor: nome, apelidos, enderezo completo, correo-e e teléfono.*

*2. Copia escaneada do DNI ou equivalente.*

*3. Copia escaneada da declaración xurada que figura no anexo I destas bases. É importante que este documento estea asinado.*

*Presentaranse anexados ou xuntos, se o envío se fai por correo-e, ou en sobre pechado, con lema no exterior, se se fai en papel.*

*A organización resérvase o dereito de exclusión das obras nos seguintes casos:*

*- Cando se incumpran un ou varios puntos destas bases.*

Anuncio publicado en: Num BOP 112 año 2023 (18/05/2023 08:00:00)

*- Cando a participación se faga empregando datos falsos ou haxa indicios de que o son, se a persoa non verifica os seus datos no prazo outorgado.*

*- Cando os carteis presentados non se axusten ao tema do concurso.*

*- Cando os carteis presentados atenten contra a integridade das persoas.*

*7ª. - A gañadora ou gañador deberalle facilitar ao Concello, nos prazos que este indique, o arquivo orixinal por capas para a promoción, comunicación e sinalización do evento.*

*8ª. - Os carteis deberán evitar calquera tipo de propaganda subliminar que poida inducir ao consumo de alcohol ou calquera outro tipo de drogas, segundo a lexislación vixente.*

*9ª.- As obras presentadas someteranse á decisión do xurado.*

*10ª.- O xurado estará integrado por 3 vogais con voz e voto, sendo presidido pola Ilma. Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua ou persoa en quen delegue e asistida por persoal do Servizo de Cultura en funcións de secretaría, ambos sen voz nin voto.*

*As ou os vogais serán designados pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e serán persoas de recoñecido prestixio e vinculadas coa ilustración, o deseño gráfico e/ou sectores relevantes do eido da cultura, o turismo e da propia celebración da festa do San Froilán, sendo nomeados con carácter previo á celebración do concurso.*

*11ª. - O xurado será o encargado de seleccionar a obra gañadora o día 27 de xuño ás 11:00 horas no Concello de Lugo.*

*12ª. - Criterios: O xurado pode declarar desertos os premios no caso de que, ao seu xuízo, non se acade unha calidade mínima nas propostas presentadas. A decisión do xurado será inapelable e axustarase, entre outros, aos seguintes criterios:*

- *Deseño e composición estética.*
- *Orixinalidade.*
- *Creatividade*
- *Calidade.*

*13ª. - As persoas participantes someteranse á decisión do xurado, que resolverá sobre calquera dúbida non prevista nestas bases. No caso de facerse unha entrega pública, a gañadora ou gañador do certame comprométese a recoller persoalmente o premio ou facerse representar debidamente no acto.*

*14ª. - As persoas participantes responsabilízanse totalmente de que non existen dereitos de terceiros nas obras presentadas.*

*15ª. - Os carteis premiados quedarán en propiedade e uso exclusivo do Concello de Lugo. As e os autores cederanlle á institución os dereitos totais de exhibición e reprodución das obras premiadas.*

*16ª. - As persoas gañadoras dan o seu consentimento para que o seu nome apareza nos materiais informativos e promocionais, xa sexan impresos ou dixitais do Concello de Lugo. Co fin de poder levar a cabo cantas accións promocionais e de difusión do concurso que considere necesarias a organización, todas as persoas participantes cederanlle ao Concello de Lugo, con carácter gratuíto, os dereitos de reprodución e comunicación pública das obras presentadas ao concurso. A cesión dos dereitos permitiralle ao Concello de Lugo transformar as obras tecnicamente na medida en que será necesaria para adecualas ao formato, imaxe ou aparencia de Internet ou calquera outra tecnoloxía susceptible de adscrición a Internet, así como a reproducilas nos soportes físicos que se consideren convenientes.*

*17ª. - Publicidade: Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web (http://concellodelugo.gal), e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

*18ª. - O simple feito da presentación ao concurso supón a plena aceptación destas bases.*

*(*)*

Anuncio publicado en: Num BOP 112 año 2023 (18/05/2023 08:00:00)

*ANEXO I*

*DECLARACIÓN XURADA*

*CONCURSO CARTEL SAN FROILÁN 2023*

*CONCELLO DE LUGO*

*Dona/Don.........................................................................................................................................................,*

*con DNI....................... como autora ou autor da/s obra/s titulada/s:...............................................................*

*...............................................................................................................................................................................*

*DECLARO*

*Que o cartel ou carteis presentados ao concurso son inéditos e da miña autoría.*

*Que non recibiron outros premios ou distincións pola participación noutros concursos de similares características.*

*Que son a única ou o único titular dos dereitos de autoría do cartel e que me fago responsable de calquera tipo de reclamación e eximo ao Concello de Lugo da devandita responsabilidade.*

*..............,... de ................ de 2023*

Anuncio publicado en: Num BOP 112 año 2023 (18/05/2023 08:00:00)

*SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 2.000,00 euros con cargo á partida 33801.48101 RC 29581/23 CP: 233380101 do vixente orzamento municipal.*

*TERCEIRO.- Dar publicidade das presentes bases na páxina web do Concello de Lugo e nas redes sociais desta Área.*

*CUARTO.- Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás dependencias e servizos municipais afectados, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos recursos correspondentes.*

*É canto procede informar.*".

Tendo en conta o informe da Tesoureía Municipal sobre existencia de consignación presupostaria na partida 33801.48101 RC: 29581/23 C.P.: 223380101, do vixente presuposto municipal, así como informe de fiscalización previa do Servizo de Intervención núm. 2023/661 do 08/05/2023 conforme procede a tramitación do expediente.

En uso das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e concordantes do Regulamento orgánico municipal do goberno, administración do Concello (ROMGA), atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 28/452, de 17/07/2019 e Decreto núm. 19005684 de 01/07/2019 nas súas actuais redaccións.

**RESOLVO:**

PRIMEIRO.- aprobar a convocatoria do premio de deseño gráfico San Froilán 2023.

SEGUNDO.- aprobar as bases polas que se rexerá o concurso de deseño gráfico San Froilán 2023, que serán ás seguintes:

A Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, co fin de elixir o cartel anunciador das festas patronais SAN FROILÁN 2023, convoca o PREMIO DE DESEÑO GRÁFICO "SAN FROILÁN 2023", de acordo coas seguintes

BASES:

A Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, conforme ás competencias establecidas no Art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, co fin de elixir o cartel anunciador das festas patronais SAN FROILÁN 2023, convoca o PREMIO DE DESEÑO GRÁFICO "SAN FROILÁN 2023", de acordo coas seguintes

BASES:

1ª. - Poderán concorrer cantas autoras e autores o desexen, con traballos de técnica libre, presentando cada persoa cantas obras considere oportunas, sendo condición indispensable que as obras sexan orixinais.

2ª. - Os deseños contribuirán a enxalzar a cidade de Lugo e as súas festas patronais de San Froilán. Deberán incluír o texto:

- LUGO, SAN FROILÁN 2023

- 4-12 DE OUTUBRO

- A imaxe corporativa do Concello(*)

- Festa de Interese Turístico Galego. Festa de Interese Turístico Estatal.

-www.sanfroilan.info

- Os logotipos das redes sociais existentes: Instagram, Twiter, Facebook e Youtube.

3ª. - A autora ou autor do deseño que resulte gañador recibirá un premio dotado con 2.000,00 €. Este premio estará suxeito a unha retención do 15% de acordo co disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

4ª. - O deseño gañador será empregado como cartel anunciador do "San Froilán 2023", e o Concello de Lugo poderá reproducilo no tempo e forma que estime oportuno.

O cartel gañador será propiedade do Concello, que poderá cedelo a terceiros. As autoras ou autores renuncian a todos os dereitos de explotación, unicamente conservarán os dereitos de autoría para incluílo no seu currículo.

5ª. - Entrega de traballos:

Poderá facerse desde a convocatoria ata o mércores 21 de xuño, en formato dixital JPG, cunhas dimensións de 50x70 cm. e con 72 ppp de resolución (1417x1984 píxeles). Non se admitirán obras que cheguen pasado ese día.

Poden presentarse de tres modos:

- Persoalmente nas dependencias de Cultura, en lapis de memoria.

Anuncio publicado en: Num BOP 112 año 2023 (18/05/2023 08:00:00)

- Por correo postal certificado dirixido á Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, praza Maior 1, 27001 Lugo (neste caso, será necesario que envíe unha copia escaneada da folla de envío de Correos á conta de correo-e cultura@lugo.gal o día que se realice o envío)

- Por correo electrónico ao enderezo cultura@lugo.gal, indicando CARTEL SAN FROILÁN 2023.

Non obstante, se algún ou algunha participante o desexa e para unha mellor valoración da súa proposta, tamén pode entregar o cartel montado a sangue sobre cartón pluma de 5 ou 10 mm e a un tamaño de 50x70 cm.

6ª.- Os traballos deberán ser presentados de xeito anónimo, identificándoos cun lema.

En documentos á parte do cartel, acompañará:

1. Plica, identificada co mesmo lema có cartel, que conterá todos os datos persoais da autora ou autor: nome, apelidos, enderezo completo, correo-e e teléfono.

2. Copia escaneada do DNI ou equivalente.

3. Copia escaneada da declaración xurada que figura no anexo I destas bases. É importante que este documento estea asinado.

Presentaranse anexados ou xuntos, se o envío se fai por correo-e, ou en sobre pechado, con lema no exterior, se se fai en papel.

A organización resérvase o dereito de exclusión das obras nos seguintes casos:

- Cando se incumpran un ou varios puntos destas bases.

- Cando a participación se faga empregando datos falsos ou haxa indicios de que o son, se a persoa non verifica os seus datos no prazo outorgado.

- Cando os carteis presentados non se axusten ao tema do concurso.

- Cando os carteis presentados atenten contra a integridade das persoas.

7ª. - A gañadora ou gañador deberalle facilitar ao Concello, nos prazos que este indique, o arquivo orixinal por capas para a promoción, comunicación e sinalización do evento.

8ª. - Os carteis deberán evitar calquera tipo de propaganda subliminar que poida inducir ao consumo de alcohol ou calquera outro tipo de drogas, segundo a lexislación vixente.

9ª.- As obras presentadas someteranse á decisión do xurado.

10ª.- O xurado estará integrado por 3 vogais con voz e voto, sendo presidido pola Ilma. Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua ou persoa en quen delegue e asistida por persoal do Servizo de Cultura en funcións de secretaría, ambos sen voz nin voto.

As ou os vogais serán designados pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e serán persoas de recoñecido prestixio e vinculadas coa ilustración, o deseño gráfico e/ou sectores relevantes do eido da cultura, o turismo e da propia celebración da festa do San Froilán, sendo nomeados con carácter previo á celebración do concurso.

11ª. - O xurado será o encargado de seleccionar a obra gañadora o día 27 de xuño ás 11:00 horas no Concello de Lugo.

12ª. - Criterios: O xurado pode declarar desertos os premios no caso de que, ao seu xuízo, non se acade unha calidade mínima nas propostas presentadas. A decisión do xurado será inapelable e axustarase, entre outros, aos seguintes criterios:

- Deseño e composición estética.
- Orixinalidade.
- Creatividade
- Calidade.

13ª. - As persoas participantes someteranse á decisión do xurado, que resolverá sobre calquera dúbida non prevista nestas bases. No caso de facerse unha entrega pública, a gañadora ou gañador do certame comprométese a recoller persoalmente o premio ou facerse representar debidamente no acto.

14ª. - As persoas participantes responsabilízanse totalmente de que non existen dereitos de terceiros nas obras presentadas.

15ª. - Os carteis premiados quedarán en propiedade e uso exclusivo do Concello de Lugo. As e os autores cederanlle á institución os dereitos totais de exhibición e reprodución das obras premiadas.

16ª. - As persoas gañadoras dan o seu consentimento para que o seu nome apareza nos materiais informativos e promocionais, xa sexan impresos ou dixitais do Concello de Lugo. Co fin de poder levar a cabo cantas accións

Anuncio publicado en: Num BOP 112 año 2023 (18/05/2023 08:00:00)

promocionais e de difusión do concurso que considere necesarias a organización, todas as persoas participantes cederanlle ao Concello de Lugo, con carácter gratuíto, os dereitos de reprodución e comunicación pública das obras presentadas ao concurso. A cesión dos dereitos permitiralle ao Concello de Lugo transformar as obras tecnicamente na medida en que será necesaria para adecualas ao formato, imaxe ou aparencia de Internet ou calquera outra tecnoloxía susceptible de adscrición a Internet, así como a reproducilas nos soportes físicos que se consideren convenientes.

17ª. - Publicidade: Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web (http://concellodelugo.gal), e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

18ª. - O simple feito da presentación ao concurso supón a plena aceptación destas bases.

(*)

Anuncio publicado en: Num BOP 112 año 2023 (18/05/2023 08:00:00)

Concello de Lugo

ANEXO I

DECLARACIÓN XURADA

CONCURSO CARTEL SAN FROILÁN 2023

CONCELLO DE LUGO

Dona/Don.........................................................................................................................................................,

con DNI....................... como autora ou autor da/s obra/s titulada/s:....................................................................

..........................................................................................................................................................................

DECLARO

Que o cartel ou carteis presentados ao concurso son inéditos e da miña autoría.

Que non recibiron outros premios ou distincións pola participación noutros concursos de similares características.

Que son a única ou o único titular dos dereitos de autoría do cartel e que me fago responsable de calquera tipo de reclamación e eximo ao Concello de Lugo da devandita responsabilidade.

...............,... de ................ de 2023

Anuncio publicado en: Num BOP 112 año 2023 (18/05/2023 08:00:00)

TERCEIRO.- aprobalo gasto de 2.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 33801.48101 RC: 29581/23 C.P.: 223380101, do vixente orzamento municipal.

CUARTO.- A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, deberáselles notificar ós/ás interesados/as e contra ela pódense interpoñer os seguintes recursos: - Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes. - Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións publicas, ante a Alcaldía / Xunta de Goberno (resolvendo a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, segundo a atribución delegada) e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto. No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións publicas).

Así mesmo, deáselles traslados as dependencia e ós servizos municipais afectados.

Cúmprase.

R. 1483

## MONFORTE DE LEMOS

*Anuncio*

**APROBACION PADRÓN PREZO PUBLICO CONSERVATORIO 2ªFRACCION COTA TRIMESTRAL CURSO 2022-2023**

Por Xunta de Goberno Local do día 03.05.2023 aprobouse o Padrón do Prezo Público Conservatorio Segunda Fracción Cota Trimestralcurso 2022-2023.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporanse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria , fíxase como prazo de pagoen período voluntario dende 19.05.2023 ata o 19.07.2023.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 9 de maiode 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1484

*Anuncio*

**APROBACION PADRÓNS TAXA POLO ABASTACEMENTO DE AUGA , TAXA REDE DE SUMIDOIROS e canon auga MARZO- ABRIL 2023E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 24.04.2023 aprobáronse os padróns da Taxa polo abastecemento de auga, a Taxa de rede sumidoiros e Canon de auga do 2º bimestre 2023 (MARZO-ABRIL 2023).

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

Anuncio publicado en: Num BOP 112 año 2023 (18/05/2023 08:00:00)

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, a contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns da Taxa polo abastecemento de auga e Taxa pola Rede sumidoiros e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso -administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co artigo 49.7 do Decreto 136/2012 do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico- administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende se entenda producida a notificación.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o artigo 13 da Ordenanza Xeral de Xestión de Ingresos Municipais de Dereito Público fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 29.04.2023 ata o 30.06.2023.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos poderán facer o pago dos mesmos mediante :

1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca en horario de atención ao público.

2) A través de caixeiros automáticos da devandita entidade financeira.

3) A través da páxina web*www.aqualia.es.*

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse os correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

A falta de pagamento en período voluntario do canon suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Monforte de Lemos, 28 de abril 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1485

---

*Anuncio*

**APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA MARZO 2023 E ANUNCIO DE COBRANZA**

PorXunta de Goberno Localdo día 24.04.2023aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei dependencia mes de marzo de 2023.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporanse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o10.05.2023 ata o 10.07.2023.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Anuncio publicado en: Num BOP 112 año 2023 (18/05/2023 08:00:00)

Monforte de Lemos, 28 de abril de 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1486

---

## NEGUEIRA DE MUÑIZ

*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data do 07.03.2023, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de febreiro de 2023 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 338,70€, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 125,86 €.

Por medio do presente exponseó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábilesa contar dende o día seguinte á publicación do anunico no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeralcoñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no RegulamentoXeral de Recadación e naLei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 5 de abril de 2023.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 1487

---

*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data do 31.03.2023, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de marzo de 2023 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 348,21€, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 152,74 €.

Por medio do presente exponseó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábilesa contar dende o día seguinte á publicación do anunico no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeralcoñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no RegulamentoXeral de Recadación e naLei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 5 de maio de 2022.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 1488

---

*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data do 03.05.2023, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de abril de 2023 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 338,70€, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 130,15 €.

Por medio do presente exponseó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábilesa contar dende o día seguinte á publicación do anunico no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeralcoñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no RegulamentoXeral de Recadación e naLei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz,10 de maio de 2023.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 1489

---

Anuncio publicado en: Num BOP 112 año 2023 (18/05/2023 08:00:00)

# RIBADEO

*Anuncio*

**APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 16 /2023 SUPLEMENTO DE CREDITO 02/2023**

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 04/04/2023, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 16 /2023 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente líquido de tesourería, para gastos de exercicios pechados, pola cantidade de **559.715,94** euros, que se fai público resumido por capítulos:

| **ESTADO DE GASTOS** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Capítulo** | **Denominación** | **Anterior** | **Modificación** | **Actual** |
| A. Operacións non financeiras | | | | |
| A.1 Operacións Correntes | | | | |
| 1 | Gastos de Persoal | 5.130.630,43 | 28.334,30 | 5.158.964,73 |
| 2 | Gastos B. Correntes e Servizos | 4.797.165,51 | 9.731,26 | 4.806.896,77 |
| 3 | Gastos Financeiros | 39.500,00 | 0,00 | 39.500,00 |
| 4 | Transferencias Correntes | 382.145,97 | 0.00 | 382.145,97 |
| 5 | Fondo de continxencia | 20.000,00 | 0,00 | 20.000,00 |
| A.2 Operacións de Capital | | | | |
| 6 | Investimentos Reais | .3.804.430,45 | 68.324,75 | .3.872.755,20 |
| 7 | Transferencias de Capital | 372.999,08 | 28.325,63 | 401.324,71 |
| B.- Operacións financeiras | | | | |
| 8 | Activos Financeiros | 27.045,54 | 0,00 | 27.045,54 |
| 9 | Pasivos Financeiros | 124.206.38 | 425.000,00 | 549.206.38 |
| **Total** | | **14.698.123,36** | **559.715,94** | **15.257.839,30** |

| **ESTADO DE INGRESOS** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Capítulo** | **Denominación** | **Anterior** | **Modificación** | **Actual** |
| A. Operacións non financeiras | | | | |
| A.1 Operacións Correntes | | | | |
| 1 | Impostos Directos | 2.834.000,00 | 0,00 | 2.834.000,00 |
| 2 | Impostos Indirectos | 470.000,00 | 0,00 | 470.000,00 |
| 3 | Taxas e outros Ingresos | 2.739.774,06 | 0,00 | 2.739.774,06 |
| 4 | Transferencias Correntes | 4.040.658,42 | 0,00 | 4.040.658,42 |
| 5 | Ingresos Patrimoniais | 12.809,02 | 0,00 | 12.809,02 |
| A.2 Operacións de Capital | | | | |
| 6 | Alleamento de Investimentos Reais | 101.000,00 | 0,00 | 101.000,00 |

Anuncio publicado en: Num BOP 112 año 2023 (18/05/2023 08:00:00)

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 7 | Transferencias de Capital | 1.190.888,93 | 0,00 | 1.190.888,93 |
| B.- Operacións financeiras | | | | |
| 8 | Activos Financeiros | 1.749.865,86 | **559.715,94** | 2.309.581,80 |
| 9 | Pasivos Financeiros | 1.559.127,07 | 0,00 | 1.559.127,07 |
| **Total** | | **14.698.123,36** | **559.715,94** | **15.257.839,30** |

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 4 de maio de 2022.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA

R. 1490

## SAMOS

*Anuncio*

**Rectificación erro nas bases de estabilización do persoal temporal do Concello de Samos.**

Detectado erro nas bases de estabilización do persoal temporal do Concello de Samos, publicadas no BOP nº 299, de data 31 de decembro de 2022, nos requisitos das persoas**aspirantes para concorrereoaprocedemento selectivo por concurso, de catroprazas de auxiliar de axuda no fogar e tres prazas de coidador/a das vivendas comunitarias**, se procede á rectificación do mesmo que quedaría como segue :

Ondedí:

4.2. Requisitos específicos

b) Estar en posesión de diploma, titulo ou certificado acreditativo de nivel de coñecemento da lingua Galega CELGA 3 ou equivalente.

Debe dicir:

4.2. Requisitos específicos

b) Estar en posesión de diploma, titulo ou certificado acreditativo de nivel de coñecemento da lingua Galega CELGA 2 ou equivalente.

Samos, 10 de maio de 2023.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 1491

## SARRIA

*Anuncio*

**NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

**EDICTO**

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación do prezo público correspondentes ó servicio de axuda no fogar do **MES DE ABRIL DE 2023**.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias de servicios sociais do Concello de Sarria, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquer outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Anuncio publicado en: Num BOP 112 año 2023 (18/05/2023 08:00:00)

***ANUNCIO DE COBRANZA***

De conformidade co establecido no art º 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación , aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo e artº 6 da ordenanza fiscal municipal comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

Nos primeiros vinte días do mes seguinte á prestacion do SAF, na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Sarria, 5 de maio de 2023.- O ALCALDE PRESIDENTE, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 1492

## O SAVIÑAO

*Anuncio*

**EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2022**

Cumprindo co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, unha vez que a Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2022 foi informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, en sesión celebrada o 11 de maio de 2023, exponse ao público cos documentos que a xustifican, na Secretaría deste Concello, polo prazo de 15 días, durante os cales, os interesados/as poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que consideren convenientes. Á súa vez, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello https://concellodosavinao.sedelectronica.gal

O Saviñao, 11 de maio de 2023. O Alcalde.- Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 1493

# MINISTERIO DE FACENDA

## BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS (BDNS) – LUGO

*Anuncio*

BASES REGULADORAS DO XXIII CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE CIDADE DE LUGO.

BDNS(Identif.):694624

De acordocodisposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/694624)

23º CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE "CIDADE DE LUGO"

2023

Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua

Concello de Lugo

O Concello de Lugo convoca o 23º Certame de Pintura Rápida ao Aire Libre "Cidade de Lugo" de acordo coas seguintes bases:

1ª.- Poderán participar nestecertame todas e todos os artistas maiores de 18 anos que o desexen. Cada autora e/ou autor sópoderá presentar unha obra, e non poderáasinala ata o momento no que se coñeza o ditame do xurado.

2ª.- O estilo e a técnica serán libres, e a súa temática xirará sobre a cidade de Lugo en toda a súa extensión. A execución será directa, diante do motivo ou do modelo natural. Os participantes deberán enviar unha localización do punto no que se sitúen para realizar a súa obra ao correo-e cultura@lugo.gal antes das 12.00 horas; de non ser posible, facelotelefonicamenteaos números indicados na base 12ª.

3ª.- As inscriciónsrealizaranse no Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo o propio día do certame, no momento de selado dos soportes, e serán gratuítas. O certameterá lugar o domingo, día 9 de xullo.

Anuncio publicado en: Num BOP 112 año 2023 (18/05/2023 08:00:00)

4ª.- Cada participante levará o material que poida necesitar e considere necesario para desenvolver o seutraballo, incluído (de ser posible) o seucabaleteonde se exporá a súa obra.

5ª.- O soporte non superará as dimensións máximas de 100 x 100 cm. e presentarase o día do certame das 9.00 ás 11.00 h da mañá no Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo (prazaMaior 1), para ser selado.

6ª.- O tempo para presentar as obras será entre as 16.00 e as 17.00 horas e realizarase no control establecido na prazaMaior, onde se coñecerá o ditame do xuradoás 18.00 horas e os autores e autoras asinarán as obras.

Farase exposición ao aire libre que se prolongará ata as 20.00 horas e nese momento os autores e autoras das obras non premiadas faranse cargo delas.

7ª.- Xurado: Estará integrado por 3 vogais con voz e voto, sendo presidido pola Ilma. Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Linguaoupersoa en quen delegue e asistida por persoal do Servizo de Cultura en funcións de secretaría, ambos sen voz nin voto.

Os ou as vogais serán designados pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e o xurado estará composto por persoas de recoñecidoprestixio e vinculadas coa ilustración, o deseño gráfico e/ou sectores relevantes do eido da cultura, o turismo e da propia celebración do Certame de Pintura Rápida, sendonomeados con carácter previo á celebración do concurso.

8ª.- Criterios: O xurado pode declarar desertos os premios no caso de que, aoseuxuízo, non se acadeunhacalidade mínima naspropostas presentadas. A decisión do xurado será inapelable e axustarase, entre outros, aosseguintes criterios:

- Deseño e composición estética.

-Orixinalidade.

-Creatividade

- Calidade.

9ª.- As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Lugo, así como os dereitos de reprodución.

10ª.- O Concello poñerá o maiorcoidado na conservación das obras, pero non responderá da deterioración que poidan sufrir por causas alleasou de forzamaior.

11ª.- Os premios, que estarán suxeitos á retención fiscal establecida, serán:

1º.- 1.600 € e diploma

2º.- 1.100 € e diploma

3º.- 900 € e diploma

5 accésits de 300 € e diploma

Premio especial á ouao artista local, nacida/o ou residente en Lugo (acreditado con copia do DNI), non compatible coa obtención dos outros premios.- 450 € e diploma

12ª.- Para calquera consulta sobre algún pormenor da actividade, deberán poñerse en contacto coServizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua nos teléfonos 982 297212/16/17, 982 297106, 982 297334, 982 297127 ou no correo-e cultura@lugo.gal

13ª.- Publicidade: Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web (http://concellodelugo.gal), e na Base de Datos Nacional de subvencións (BDNS) conforme aodisposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

14ª.- A participación nestecertame implica a aceptación total destas bases.

Lugo, 12 de maio de 2023.- Tareixa Antía Ferreiro Tallón. Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

R. 1494

---

*Anuncio*

BASES REGULADORAS DO PREMIO DE DESEÑO GRÁFICO "SAN FROILÁN 2023" PARA ELIXIR O CARTEL ANUNCIADOR DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN DE LUGO

BDNS(Identif.):694455

Anuncio publicado en: Num BOP 112 año 2023 (18/05/2023 08:00:00)

De acordocodisposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/694455)

A Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, conforme ás competencias establecidas no Art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, co fin de elixir o cartel anunciador das festaspatronais SAN FROILÁN 2023, convoca o PREMIO DE DESEÑO GRÁFICO "SAN FROILÁN 2023", de acordo coas seguintes

BASES:

1ª. - Poderánconcorrer cantas autoras e autores o desexen, con traballos de técnica libre, presentando cada persoa cantas obras considere oportunas, sendo condición indispensable que as obras sexanorixinais.

2ª. - Os deseños contribuirán a enxalzar a cidade de Lugo e as súasfestaspatronais de San Froilán. Deberán incluír o texto:

- LUGO, SAN FROILÁN 2023

- 4-12 DE OUTUBRO

- A imaxe corporativa do Concello(*)

- Festa de Interese Turístico Galego. Festa de Interese Turístico Estatal.

-www.sanfroilan.info

- Os logotipos das redes sociais existentes: Instagram, Twiter, Facebook e Youtube.

3ª. - A autora ou autor do deseño que resulte gañador recibirá un premio dotado con 2.000,00 €. Este premio estará suxeito a unha retención do 15% de acordocodisposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

4ª. - O deseñogañador será empregado como cartel anunciador do "San Froilán 2023", e o Concello de Lugo poderáreproducilo no tempo e forma que estime oportuno.

O cartel gañador será propiedade do Concello, que poderácedelo a terceiros. As autoras ou autores renuncian a todos os dereitos de explotación, unicamente conservarán os dereitos de autoría para incluílo no seu currículo.

5ª. - Entrega de traballos:

Poderáfacerse desde a convocatoria ata o mércores 21 de xuño, en formato dixital JPG, cunhasdimensións de 50x70 cm. e con 72 ppp de resolución (1417x1984 píxeles). Non se admitirán obras que cheguen pasado ese día.

Poden presentarse de tres modos:

- Persoalmentenas dependencias de Cultura, en lapis de memoria.

- Por correo postal certificado dirixido á Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, prazaMaior 1, 27001 Lugo (neste caso, será necesario que envíe unha copia escaneada da folla de envío de Correos á conta de correo-e cultura@lugo.gal o día que se realice o envío)

- Por correo electrónico ao enderezo cultura@lugo.gal, indicando CARTEL SAN FROILÁN 2023.

Non obstante, se algún oualgunha participante o desexa e para unhamellor valoración da súaproposta, tamén pode entregar o cartel montado a sangue sobre cartón pluma de 5 ou 10 mm e a un tamaño de 50x70 cm.

6ª.- Os traballos deberán ser presentados de xeito anónimo, identificándoos cun lema.

En documentos á parte do cartel, acompañará:

1. Plica, identificada comesmo lema có cartel, que conterá todos os datos persoais da autora ou autor: nome, apelidos, enderezo completo, correo-e e teléfono.

2. Copia escaneada do DNI ou equivalente.

3. Copia escaneada da declaración xurada que figura no anexo I destas bases. É importante que este documento esteaasinado.

Presentaranse anexados ouxuntos, se o envío se fai por correo-e, ou en sobre pechado, con lema no exterior, se sefai en papel.

A organización resérvase o dereito de exclusión das obras nos seguintes casos:

- Cando se incumpran un ou varios puntos destas bases.

- Cando a participación se fagaempregando datos falsos ouhaxa indicios de que o son, se apersoa non verifica os seus datos no prazooutorgado.

Anuncio publicado en: Num BOP 112 año 2023 (18/05/2023 08:00:00)

- Cando os carteis presentados non se axustenao tema do concurso.

- Cando os carteis presentados atenten contra a integridade das persoas.

7ª. - A gañadoraougañadordeberalle facilitar ao Concello, nos prazos que este indique, o arquivoorixinal por capas para a promoción, comunicación e sinalización do evento.

8ª. - Os carteis deberán evitar calquera tipo de propaganda subliminar que poida inducir ao consumo de alcohol oucalqueraoutro tipo de drogas, segundo a lexislaciónvixente.

9ª.- As obras presentadas someteranse á decisión do xurado.

10ª.- O xurado estará integrado por 3 vogais con voz e voto, sendo presidido pola Ilma. Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Linguaaoupersoa en quen delegue e asistida por persoal do Servizo de Cultura en funcións de secretaría, ambos sen voz nin voto.

As ou os vogais serán designados pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e serán persoas de recoñecidoprestixio e vinculadas coa ilustración, o deseño gráfico e/ou sectores relevantes do eido da cultura, o turismo e da propia celebración da festa do San Froilán, sendonomeados con carácter previo á celebración do concurso.

11ª. - O xurado será o encargado de seleccionar a obra gañadora o día 27 de xuñoás 11:00 horas no Concello de Lugo.

12ª. - Criterios: O xurado pode declarar desertos os premios no caso de que, aoseuxuízo, non se acadeunhacalidade mínima naspropostas presentadas. A decisión do xurado será inapelable e axustarase, entre outros, aosseguintes criterios:

- Deseño e composición estética.

- Orixinalidade.

- Creatividade

- Calidade.

13ª. - As persoas participantes someteranse á decisión do xurado, que resolverá sobre calqueradúbida non prevista nestas bases. No caso de facerseunha entrega pública, a gañadoraougañador do certamecomprométese a recollerpersoalmente o premio oufacerse representar debidamente no acto.

14ª. - As persoas participantes responsabilízanse totalmente de que non existen dereitos de terceirosnas obras presentadas.

15ª. - Os carteis premiados quedarán en propiedade e uso exclusivo do Concello de Lugo. As e os autores cederanlle á institución os dereitostotais de exhibición e reprodución das obras premiadas.

16ª. - As persoasgañadoras dan o seuconsentimento para que o seunomeapareza nos materiais informativos e promocionais, xasexan impresos oudixitais do Concello de Lugo. Co fin de poder levar a cabo cantas acciónspromocionais e de difusión do concurso que considere necesarias a organización, todas as persoas participantes cederanlleao Concello de Lugo, con carácter gratuíto, os dereitos de reprodución e comunicación pública das obras presentadas ao concurso. A cesión dos dereitospermitiralleao Concello de Lugo transformar as obras tecnicamente na medida en que será necesaria para adecualasao formato, imaxeouaparencia de Internet oucalqueraoutratecnoloxía susceptible de adscrición a Internet, así como a reproducilas nos soportes físicos que se consideren convenientes.

17ª. - Publicidade: Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web (http://concellodelugo.gal), e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme aodisposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

18ª. - O simple feito da presentación ao concurso supón a plena aceptación destas bases.

Lugo, 11 de maio de 2023, Tareixa Antía Ferreiro Tallón. Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

R. 1495

Anuncio publicado en: Num BOP 112 año 2023 (18/05/2023 08:00:00)